

CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE RESTAURACIÓN DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA MEDIANTE PROCEDIMENTO RESTRINXIDO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA (2019-005-SER-A).

Resolución de adxudicación

Visto o expediente comezado o 08 de maio de 2019 para a contratación da concesión do servizo de restauración da Cidade Da Cultura De Galicia mediante procedemento restrinxido non suxeito a regulación harmonizada (2019-005-SER-A).

Visto o cumprimento dos requisitos esixidos pola Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector autonómico de Galicia, así como na Lei 12/2006, de 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego.

A empresa cuxa proposición foi seleccionada como a mellor oferta, acreditou a súa capacidade para contratar e para subscribir este contrato, xuntando a documentación requirida nos pregos que rexen esta contratación.

Con base nos antecedentes citados, Manuel Vila López, na súa condición de Secretario do Padroado, conforme aceptación do cargo efectuada no Padroado da Fundación na sesión do 12 de decembro de 2018, elevado a público ante o notario en data de 20 de marzo de 2019, e en exercicio dos poderes delegados ao posto de Secretario do Padroado nos supostos de substitución temporal da Directora-Xerente, delegación acordada na sesión do Padroado da Fundación do día 13 de decembro de 2017, e elevada a público ante o notario en data 8 de marzo de 2018, **ACORDA ADXUDICAR** a contratación nos seguintes termos:

Empresa: CÁTERIN A CANTINA, SL

Importe:

a) Canon a ingresar polo contratista a favor da Fundación;

- **DURANTE OS TRES PRIMEIROS ANOS:** O adxudicatario procederá ao ingreso a favor da Fundación dun canon de 15.000,00 € máis IVE.
- **A PARTIR DO CUARTO ANO E SEGUINTE (prórrogas):** O canon sinalado no parágrafo anterior (15.000 euros máis IVE) será obxecto de revisión en cada anualidade, a partir do cuarto ano de execución do mesmo, actualizándose ao IPC galego dos doce meses anteriores.

b) Gastos con cargo á Fundación;

- 100.000,00 € (primeiro ano, en concepto de custes para a adquisición de bens e equipos).
- 75.000,00 € (tres primeiros anos, en concepto de servizos á Fundación).



- 7.500,00 € (o IVE, en concepto de servizos á Fundación, para os tres primeiros anos).
- TOTAL: 182.500,00€ con IVE

Valoración das ofertas relativas a criterios avaliados e non avaliados mediante fórmulas matemáticas:

- **Criterios non avaliados mediante fórmulas matemáticas**
Puntuación Sobre B / Ptec: 60,00 puntos
- **Criterios avaliados mediante fórmulas matemáticas**
Prezo dos Menús 60,00puntos,
Produtos 40,0000 puntos,
Total / Pec 100,00 puntos.
- **Resumo da valoración da oferta presentada,**
Ptec 60,00 puntos,
Pec 100,00 puntos

Os informes de valoración das ofertas relativas a criterios avaliados e non avaliados mediante fórmulas matemáticas, foron publicados na plataforma de contratos da Xunta (www.contratosdeg Galicia.gal)

Conforme ao previsto no artigo 44 da Lei de Contratos do Sector Público, esta resolución de adxudicación é susceptible de recurso especial en materia de contratación, no prazo de **QUINCE DÍAS HABILÉS**. O cómputo deste prazo se iniciará a partir do día seguinte a aquel en que se houbera notificado esta adxudicación de conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta aos candidatos ou licitadores que foron admitidos no procedemento, isto é, dende a data de envío da mesma aos licitadores mediante comparecencia electrónica. Esta adxudicación publícase na mesma data no Perfil de contratante da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

O recurso especial en materia de contratación contra a presente adxudicación poderá ser presentado no Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia mediante a ligazón <https://tacgal.xunta.gal/procedementos.html>.

En Santiago de Compostela

Manuel Vila López
Secretario do Padroado
Fundación Cidade da Cultura de Galicia

